

## Concello de Viveiro

**EXPTE.- 6295/2018**

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia número 260, de 13 de novembro de 2018, pública a convocatoria do proceso para cubrir, con carácter temporal, mediante contrato relevo (75% da xornada completa) un posto de oficial carpinteiro-capataz de réxime laboral do Concello de Viveiro, como consecuencia dunha xubilación parcial autorizada. Número de expediente 6295/2018.

Vistas as bases xerais, específicas e anexo polas que se establecen as normas que rexerán o proceso selectivo para cubrir, con carácter temporal, mediante contrato relevo (75% da xornada completa) un posto de oficial carpinteiro-capataz de réxime laboral do Concello de Viveiro, como consecuencia dunha xubilación parcial autorizada.

Vista a base xeral 7.1, que sinala "(...)Rematado o prazo de presentación de solicitudes, aprobarase por Resolución da Alcaldía no prazo máximo dun mes a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos. A lista provisional de admitidos e excluídos publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital. Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión ..."

Vista a base xeral 7.2, que sinala "(...) A publicación da lista provisional abrirá un prazo de (10) dez días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios dixital, ao que se accede a través da páxina web municipal ([www.viveiro.es](http://www.viveiro.es)) para que se poidan emendar as deficiencias que en cada caso se indique. A presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar no proceso selectivo sen o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases suporá a exclusión dos aspirantes tal e como se recolle na base 5, sen prexuízo da súa posible subsanación no prazo de (10) dez días hábiles trala publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, tal e como se recolle no presente punto..."

### RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Aprobar a seguinte **lista provisional e definitiva de admitidos e excluídos:**

#### A) ADMITIDOS:

Nº	Apelidos e Nome	Realización proba de galego
1	MENDOZA HERNÁNDEZ JUAN	<b>NON EXENTO</b>
2	MARTÍNEZ ARCA MARÍA AMPARO	<b>EXENTO</b>
3	GONZÁLEZ GARCÍA LUIS MANUEL	<b>EXENTO</b>

No caso de que na lista provisional non resulte excluído ningún aspirante, aprobarase esta lista con carácter de lista definitiva.

## Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

Contra o acordo de aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos cabe a interposición de recurso potestativo de reposición no prazo dun mes dende a súa publicación ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses dende a súa publicación.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante min, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)**

---

**Concello de Viveiro**

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147